



PRAIA DE VILARRUBE

Adela Leiro, Mon Daporta
agosto 2018



Distancia: 3 a km (circular)
Dificultade: baixa



Un percorrido de 3 a 4 km, que se pode multiplicar se a marea está baixa, por unha superficie de area fina e compacta que se acumula no fondo da ría de Cedeira, na enseada do Esteiro, detrás do estreito que forman o monte Burneira e a punta Robaleira. Un inmenso areal que crearon, na punta de Vilarrube, as forzas encontradas, e os materiais que achegan, o mar e os ríos das Forcadas e das Mestas no que destaca, ademais da praia, de 1,5 km de lonxitude, o seu sistema dunar, que supera nalgúns puntos os 300 m de cumprimento, e a grandiosidade do espazo que o devalar da marea deixa ao descuberto: unhas 40 ha de esteiro no río das Forcadas, máis de 100 ha no esteiro do río das Mestas e unhas 70 ha máis de intermareal fronte á praia; tres amplos espazos que serven de refuxio a anátidas e limícolas e acollen, principalmente o do río das Mestas, bancos marisqueiros. A costa de Valdoviño está incluída no LIC/ZEC "Costa Ártabra".

PERCORRIDO

O percorrido comeza e remata na área de aparcamento da praia. Pódese facer en calquera dirección e sentido: indo pola praia e volvendo pola trasduna, ir pola trasduna achegarse a un dos esteiros volver pola praia e deixarse ir polo intermareal para camiñar logo polo outro esteiro e



Río das Forcadas



Praia de Vilarrube



Praia/enseada de Vilarrube



Punta Burneira




Praia de Vilarrube



Rio das Mestas



Praia de Vilarrube e Punta Chirlateira



Praia de Vilarrube e Punta Xián



Praia de Vilarrube e Punta Sarridal



Antirrhinum majus
subsp. *gallaecica*
unha planta que so
se atopa nesta zona

